## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 11 DE XULLO DE 2022.

**PRESIDENTE:**
O alcalde, D.José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**
D.ª María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.ª Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D. ª Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González

**NON ASISTE:**

D.ª Jéssica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**
D.ª Sonia Corral Corral

**SECRETARIA XERAL:**
D.ª Ana Ramos Ramos

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as catorce horas e dez minutos do día once de xullo do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.ª Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.ª Marta María Iglesias Becerra e D. Abraham Seijas González.

Non asiste á sesión a concelleira D.ª Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.ª Sonia Corral Corral.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.ª Ana Ramos Ramos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 04 DE XULLO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 4 de xullo de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, aclarando que o borrador que se achega é o asinado o luns día 11 de xullo de 2022 debido a un erro no circuito de sinaturas no asinado o venres 8 de xullo de 2022 que consistiu en que no lugar de asinar a alcaldesa en funcións que foi a persoa que presidiu a sesión asinou o alcalde; non producíndose ningunha observación, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 4 de xullo de 2022.

### 2.- DACIÓNS DE CONTA.

### 2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Anuncio do 14 de xuño de 2022 do Concello de Culleredo relativo á requirimento de xestión da biomasa (UME/2021/756). DOG núm. 128 do 06-07-2022.



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

- Anuncio do 21 de xuño de 2022 do Concello de Culleredo relativo á requirimento de xestión da biomasa (UME/2022/340). DOG núm. 130 do 08-07-2022.

- Anuncio do 22 de xuño de 2022 do Concello de Culleredo relativo á requirimento de xestión da biomasa (UME/2021/781). DOG núm. 130 do 08-07-2022.

- Anuncio do 4 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo, -Economía, Facenda e Réxime Interior- relativo á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal n.º3, reguladora do imposto municipal sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, para a súa adaptación ao Real decreto lei 26/2021, do 8 de novembro. BOP núm. 128 do 07-07-2022.

**2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- O sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

"

- Resolución número CUL/RES/1182/2022 de data do 20/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 177, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compaña, á D.ª P. G. de H.

- Resolución número CUL/RES/1181/2022 do 20/06/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 178, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compaña, á D. A. M. M. F."

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

"

| ***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD)** conforme ao ***Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.*** | | | |
|---|---|---|---|
| **Data da resolución** | **Nº resolución** | **Tipo de resolución** | **Intensidade** |
| 1230 | 29/06/2022 | Dar de baixa a ****0040* no servizo municipal de axuda a domicilio. | |

| ****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao** vixente ***Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013*** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Data da** | **Nº resolución** | **Tipo de resolución** | **Obxecto da axuda** | **Importe** |



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

| resolución | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1222 | 28/6/2022 | Se autorice, dispoña, recoñeza e ordene o pago dos gastos de farmacia de ***6449**. | Medicación de data 18/03/2022 (37,07€) , 08/04/2022 (37,07) e 18/05/2022 (37,07€). | 111,21 € |
| 1228 | 29/06/2022 | Conceder a ***3941 unha axuda económica para o pago de aluguer. | Marzo de 2022 (158€) e de abril a agosto de 2022 (200€/mes). | 1.158€ |
| 1241 | 01/07/22 | Autorización, disposición, recoñecemento e ordenación do pago para a axuda económica do beneficiario ***0448** . | A metade de cada recibo de electricidade de datas de emisión do 17/01/2022 (112,06€), 23/02/2022 (126,84€) , 17/03/2022 (92,51€) e 19/04/2022 (55,47€)<br><br>A metade do recibo de auga correspondente ao primeiro trimestre de 2022 (53,02€) | 439,90 € |

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao *Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emision y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad* (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)**

| Data da resolución | Nº resolución | Tipo de resolución | Vixencia |
|---|---|---|---|
| 1219 | 28/06/2022 | Conceder a ***7593** a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. | PROVISIONAL ata o 06/06/2024 |

"

**3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e doce minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde

RAMOS RAMOS, ANA
Secretaria xeral

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 - http://www.culleredo.es

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H



Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es